

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN, DE CINCO PERSOAS PARA OCUPAR OS POSTOS DE OFICIAL DE 1ª DE ALBANELERÍA (GRUPO 8), DE PEÓNS DE OBRA PÚBLICA (GRUPO 9) E DE XARDINEIROS/AS (GRUPO 8), PARA O CONCELLO DE TEO

Primeira.- Obxecto da convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, de cinco persoas desempregadas para levar a cabo o proxecto “*Cuadrilla de servizos básicos. Obras, parques e xardíns*”, traballo que figura descrito na memoria que acompaña á solicitude de subvención presentada ao abeiro da Resolución da Deputación da Coruña pola que se aproban as bases do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2019 (BOP nº 26, de 06.02.2019).

A contratación se efectuará de acordo coas seguintes características:

POSTO A OCUPAR	NÚMERO DE POSTOS	TIPO DE XORNADA	DURACIÓN DO CONTRATO
Xardineiro/a	2	Xornada completa	5 meses
Oficial de primeira de albanelería	2	Xornada completa	5 meses
Peón de obra pública	1	Xornada completa	5 meses

Os contratos están subvencionados pola Deputación da Coruña, que concedeu unha axuda ao Concello de Teo por importe de 52.000,00 € para financiar os custos de seguridade social e os custos salariais do referido persoal, ascendendo o custe real estimado da contratación a 62.824,40€.

As persoas seleccionadas incorporaranse no Servizo de obras e servizos básicos municipais.

A modalidade contractual será a dun contrato temporal de traballos de interese social/fomento do emprego agrario.

Segunda.- Requisitos das persoas aspirantes

Para participar no presente concurso-oposición as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), para os nacionais doutros Estados. Así, segundo o artigo citado:

- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción daqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas (art. 57.1)

- As previsións do apartado anterior serán de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

- O acceso o emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

- Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para

empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) De conformidade co disposto nas bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2019, (BOP nº26, de 06.02.2019, as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental / monomarental
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Estes requisitos acreditaranse, mediante o documento acreditativo correspondente, no momento da presentación da solicitude de participación no proceso.

A situación de persoa desempregada xustificarse mediante a presentación dunha certificación do servizo público de emprego, na que conste a súa inscrición como

demandante non ocupada dispoñible para o emprego e, no seu caso, da antigüidade como demandante de emprego.

f) Posuír, como mínimo, o carné de conducir tipo B.

g) Estar en posesión do certificado de escolaridade, equivalente ou titulación superior.

Terceira.- Selección das persoas traballadoras

O Concello de Teo procederá á publicación do anuncio da convocatoria da contratación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no portal da sede electrónica do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal/gl/>) e na web municipal (www.teo.gal), publicación esta última que determinará o comezo do prazo de presentación de instancias.

As persoas aspirantes interesadas nos postos de traballo a contratar terán que presentar unha instancia (Anexo II), dirixida á Alcaldía, dentro do prazo de cinco (5) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria na páxina web do Concello, no Rexistro do Concello de Teo, en horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Neste caso, as persoas aspirantes deberán comunicarlle ao Concello a remisión da solicitude mediante fax (981809401) ou correo electrónico (rrhh@teo.gal), dentro do mesmo prazo de presentación das instancias. No caso da remisión de correo electrónico indicárase como asunto: Cuadrilla de servizos básicos 2019.

Si o último día de presentación das solicitudes recae en día inhábil, o prazo entenderase ampliado ata o día hábil seguinte.

Na instancia farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases e a acompañarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade da persoa aspirante
- Titulación requirida con arranxo ao sinalado na Base segunda. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

- Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia a desenvolver. (Anexo III)
- Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate do dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo, ou aqueloutros que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.
- Fotocopia do carné de conducir
- Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego (A este respecto, durante a tramitación do proceso selectivo as persoas aspirantes deberán cumprir as obrigas derivadas de estar na dita situación)
- A documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral previstas na Base segunda.

Cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

Cuarta.- Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución no prazo máximo de cinco (5) días naturais, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación, de ser o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Teo e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na Lei.

As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de tres (3) días seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Posteriormente, declararase aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Teo.

Na resolución indícarase tamén a data, o lugar e a hora na que se reunirá o Tribunal para levar a cabo a valoración de méritos.

De non existir aspirantes excluídas/os, elevarase a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución da aprobación.

Coa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios da puntuación dos méritos dos participantes, sinaláranse a data, o lugar e a hora na que se realizará a proba práctica.

Quinta.- Tribunal

O tribunal estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Luis Javier Castro Martínez, arquitecto técnico do Concello de Teo.

Suplente: María Jesús Carreira Salvadores. Administrativa do departamento de Urbanismo do Concello de Teo.

Vogal: Jesús Manuel Rodríguez García, encargado da brigada de obras do Concello de Teo.

Suplente: José Angel Rebolo Campos oficial de albanelería da brigada de obras do Concello de Teo.

Vogal: Manuel Dacunha Vázquez, traballador da brigada de servizos básicos do Concello de Teo.

Suplente: Antonio Mateo Rial, traballador da brigada de servizos básicos do Concello de Teo.

Vogal: Diego Viña Feás, axente de emprego e de desenvolvemento local do Concello de Teo.

Suplente: Elsa Raquel Gómez Gómez, técnica de recursos humanos do Concello de Teo.

Secretaria-vogal: A secretaria xeral do Concello de Teo

Suplente: María Elena Sueiro Fernández, secretaria adxunta do Concello de Teo.

O Tribunal poderá solicitar axuda de persoas técnicas ou asesoras cando o considere axeitado.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionadas establecerase unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

A Alcaldía, vista a proposta do Tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Sexta.- Proceso de selección

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases e coas persoas aspirantes que presentasen a solicitude en prazo e resultasen admitidas.

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

- Fase de concurso: 15 puntos

Na fase de concurso serán valorados polo Tribunal os méritos achegados e xustificados polos/as aspirantes, aplicando a valoración que se recolle no anexo I destas bases.

- Fase de oposición: 25 puntos

Comprenderá un só exercicio, obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica que terá relación coas tarefas a desempeñar no posto de traballo, utilizando as ferramentas e materiais que se porán a disposición das persoas aspirantes. A súa duración non excederá de 30 minutos.

Para entender superado este exercicio haberá que acadar a puntuación de 12,50

puntos.

A proba práctica será valorada de 0 a 25 puntos por cada un dos membros do Tribunal segundo o baremo inicialmente establecido.

A nota da fase de oposición de cada aspirante será a resultante da media de todas as puntuacións outorgadas por cada membro do Tribunal con voz e voto.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da/s persoa/s aspirante/s que acaden maior puntuación na fase de oposición e de persistir o empate a favor da/s persoa/s con maior tempo en situación de desemprego que se acreditará co informe de situación de desemprego expedido polo Servizo Público de Emprego.

O tribunal procederá a cualificación das persoas aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, da relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevando á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor da persoa candidata que obtivera a maior puntuación total.

Se a persoa candidata inicialmente proposta renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a contratación realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Se durante o tempo de vixencia do contrato a persoa seleccionada decide rescindir o mesmo, a contratación, polos meses restantes, realizarase coa persoa que acadase a seguinte maior puntuación e así sucesivamente.

Sétima.- Duración do contrato

O contrato terá unha duración de cinco (5) meses dende a data de formalización.

Oitava.- Incidencias

O tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e adoptará os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso–oposición en todo o non previsto nestas Bases.

Novena.- Formalización do contrato.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, as persoas aspirantes propostas disporán dun prazo de tres (3) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, da proposta de contratación, para achegar a seguinte documentación actualizada:

- a) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que resultou seleccionada.
- b) Declaración expresa de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.
- c) Declaración de non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitada para o exercicio e desempeño das funcións públicas.
- d) Copia cotexada de toda a documentación que presentou xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo: DNI, pasaporte ou documento de identidade equivalente, titulación requirida para o posto de traballo, carné de conducir, a documentación que acredite algunha das circunstancias recollidas na letra “e” da base segunda e a xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso.
- e) Informe de vida laboral actualizado, emitido na mesma data ou con data posterior á data da proposta da contratación.
- f) Certificado da oficina de emprego (SPEG) na que se contemple a situación da persoa aspirante como demandante de emprego non ocupada

Unha vez presentada a documentación referida procederase á formalización do contrato.

Se dentro do prazo indicado (agás nos casos de forza maior, debidamente motivados e que deberán ser apreciados e estimados, potestativamente, pola Alcaldía), as persoas aspirantes seleccionadas non presentaran a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reuniría os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en

que puidera incorrer por falsidade; debendo propoñerse, por parte da Alcaldía, a contratación do/a aspirante que ocupe o primeiro lugar (por orde de puntuación) na relación complementaria de aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo e non fora inicialmente seleccionado.

Décima .-Dereito supletorio.

No non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Undécima.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do Tribunal, poderanse impugnar no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Teo, 16 de maio de 2019

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira



CONCELLO DE TEO
Alcaldía

ANEXO I

Baremo de méritos para valorar o concurso

1) Por coñecemento da lingua galega (*só se valorará o de maior puntuación debidamente acreditado*)

a. CELGA II: 0,25 puntos

b. CELGA III ou superior: 0,50 puntos

Puntuación máxima neste apartado: 0,50 puntos.

2) Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 1,5 puntos.

3) Cursos relacionados coas tarefas a desenvolver: 0,1 puntos por cada 10 horas de curso. Máximo deste apartado 1,50 puntos

A formación deberá acreditarse mediante títulos expedidos pola Administración Pública ou por calquera outra entidade sempre que estean homologados por unha administración pública, autonómica ou estatal, homologación que deberá amosarse no momento da presentación da instancia ou solicitude de participación no proceso selectivo.

4) Persoas desempregadas de longa duración: por ter unha antigüidade de, polo menos, 24 meses en situación de desemprego: 1,50 puntos. Esta circunstancia acreditarase cunha certificación do SPEG.

5) Mulleres: 1,50 puntos

6) Por ter algunha discapacidade que non impida o normal desenvolvemento da actividade: 1,50 puntos. Esta condición acreditarase coa fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.

7) Persoas desempregadas que esgotasen, ou non perciban, as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito: 1,50 puntos. Esta condición acreditarase cunha certificación do SPEG

8) Maiores de 45 anos: 1,50 puntos.

9) Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental ou monomarental e persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais: 1,50 puntos. Esta situación acreditarase con copia compulsada do libro de familia e certificado da situación de desemprego das persoas que convivan no domicilio, expedido polo servizo público de emprego ou, de ser o caso, informe dos Servizos Sociais municipais.

10) Vítimas de violencia de xénero: 1,50 puntos.

11) Experiencia laboral: ata un máximo de 1,00 punto que se valorará da seguinte forma:

- a) Por servizos prestados en postos da mesma natureza e categoría nunha administración local: 0,2 puntos por mes completo traballado.
- b) Por servizos prestados en postos da mesma natureza e categoría nunha empresa privada: 0,1 puntos por mes completo traballado.

A experiencia profesional deberá xustificarse mediante contratos de traballo e vida laboral, expedida pola Seguridade Social, acreditando sempre a categoría profesional desempeñada, non computándose os períodos inferiores a un mes.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D./ Dña....., con DNI número e domicilio a efectos de notificación e comunicación en.....CP.....localidade..... telf..... e correo electrónico

EXPOÑO:

1º. Que desexo participar no proceso selectivo convocado para cubrir a praza de (márquese a/as que proceda/an):

Oficial de 1ª de albanelería

Peón de obra pública

Oficial de xardinería

para o Concello de Teo, mediante contrato temporal de traballos de interese social/fomento do emprego agrario, convocado polo Concello de Teo, a través do portal da sede electrónica, do taboleiro de anuncios e da páxina web en data 16/05/2019

2º. Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.

3º. Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total de páxinas.

Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade da persoa aspirante

Titulación requirida con arranxo ao sinalado na Base segunda

Declaración xurada, acreditativa de non padecer enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia a desenvolver. (Anexo III)

Fotocopia do carné de conducir

Documentación acreditativa da situación de demandante de emprego.

Documentación acreditativa de atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral previstas na Base segunda.

Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

4º.- Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, que presentarei no Concello de Teo no momento no que, no seu caso, me sexa requirida ao efecto.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido/a nos procesos selectivos seleccionados, achegando a estes efectos a documentación que se xunta.

Lugar e data

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO III
MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./Dña....., con DNI
número e domicilio a efectos de notificación e comunicación
en.....
CP.....localidade.....telf..... e correo electrónico
.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que non padezo enfermidade ou discapacidade que impida exercer a función propia
do/s posto/s para o/os que presento a solicitude de participación no proceso selectivo
correspondente.

Teo, de maio de 2019

Asdo.